


A Memoria Silenciada

Conxo e Compostela



O réxime franquista sustentouse no terror e eliminación daqueles colectivos e individuos que o rexeitaron, contestaron ou combateron. Santiago de Compostela non foi estraña a este triste proceso e máis de douscentos veciños e veciñas de Compostela sufriron algunha das múltiples formas de represión. Son persoas, en gran parte, descoñecidas por todos e todas nós. E do mesmo xeito que estas persoas seguen a ser descoñecidas tamén o son para parte da veciñanza os lugares onde se desenvolveu esa represión. Así, Conxo e o Psiquiátrico de Conxo, son lugares simbólicos onde a represión foi especialmente cruel.

O Concello de Santiago decidiu, en acordo plenario, promover a dignificación, recuperación e reivindicación dos veciños e veciñas que sufriron a represión franquista así como dos lugares nos que se produciu. Ademais, a concellaría de Cultura adquiriu tamén o compromiso co Psiquiátrico de Conxo de contribuír ao coñecemento do centro, de abrilo á sociedade. É precisamente cumprindo eses dous compromisos como desde a concellaría de Cultura e Centros Socioculturais, decidimos organizar este ciclo 'A Memoria silenciada' e decidimos facelo en Conxo.

Con este este programa buscamos darlle voz aos composteláns e compostelás que sufriron represión; dignificalos e honralos, restituír os seus nomes; lembrar as súas historias salvándoas do esquecemento nunha historia manipulada polos vencedores incidindo na historia do Psiquiátrico de Conxo. Buscamos, en fin, darlle voz á memoria silenciada.

Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais.

Foto: Proxecto Nomes e Voces. Fondo Dionisio Pereira. Visita de Millán Astray e o Xeneral Moscardó a Compostela. Ano 1937? 1938?

Datas e lugar de realización

Conferencias/proxección de documentais
4, 6, 7, 11, 13 e 14 de abril no CSC Aurelio Aguirre de Conxo ás 20 h.

Proxección de películas de ficción
22 e 29 de xuño, 6 de xullo no Claustro do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

Programación

Conferencias/documentais

Luns, 4 de abril
Conferencia: *Ánxel Casal Gosende, alcalde de Santiago e editor de Nós*, a cargo de Miguel A. Seixas. Proxección: "Ánxel Casal a luz impresa" (de Xan Pérez Leira).

Mércores, 6 de abril
Conferencia: *Castelao, Compostela e o Seminario de Estudos Galegos*, a cargo de Pilar García Negro. Proxección: "Filmando a Castelao" (de Antón Reixa e Carlos Larrondo).

Xoves, 7 de abril
Táboa redonda: *Os nomes e as voces de Compostela e Conxo*, a cargo de Lourenzo Fernández Prieto e Luis Pasín. Proxección: "Liste, pronunciado Líster" (de Margarita Ledo Andión).

Luns, 11 de abril
Conferencia: *O sillencio das silenciadas,* a cargo de Encarna Otero sobre a represión e a muller. Proxección: "Coralia e Maruxa. As irmás Fandiño" (de Rivadulla Corcón).

Mércores, 13 de abril
Conferencia: *Galenos de Galicia: historias de represión, exilio e depuración,* a cargo de David Simón Lorda. Proxección: "Galicia, a tempestade do 36" (de Enrique Braso e Manolo Rivas).

Xoves, 14 de abril
Táboa redonda: *O psiquiátrico de Conxo no tardofranquismo, 1972-1975*, con Emilio González Fernández e Antón Seoane. Proxección: "A mirada de Anna" (de Anna Turbau).

Películas de ficción

Mércores, 22 de xuño
"A lingua das bolboretas" (de José Luís Cuerda).

Mércores, 29 de xuño
"A capitana" (de Antón Dobao).

Mércores, 6 de xullo
"O lapis do carpinteiro" (de Antón Reixa).

Os nomes e as voces de Compostela

Gustavo Herbella

Tras a tentativa frustrada do Golpe militar do 18 de xullo no Estado, os militares alzados impoñen o seu poder en distintos territorios de España, nos que é doado imporse a un poder civil incapaz de facerlles fronte con garantías de éxito. Territorios sobre os que consolidaran o seu poder nun contexto que xa ten derivado en Guerra Civil. Así acontece no conxunto de Galicia e, concretamente, en Compostela onde un *Comité de defensa da República*, formado por 22 membros de partidos políticos e sindicatos, tan só pode, seguindo as instrucións gobernativas, requisar algunhas escopetas e pistolas nas armerías locais; deter a uns poucos individuos sospeitosos de apoiar o golpe – sen menoscabo algún para a súa integridade física –; e controlar os estudios de Unión Radio para informarse dos sucesivos acontecementos.

Con menos resistencia armada que noutras cidades galegas cae Compostela. O día 22 de xullo os militares, comandados por José Bermúdez de Castro, teñen todo o poder e para consolidalo, seguindo a pauta marcada en todos os lugares que dominan, emprenden, en colaboración coa Garda Civil, grupos paramilitares e falanxistas, unha dura e inesperada acción represiva, lembrada ate hoxe como de grande sorpresa polos que a viven ou padecen. Porque, si a idea dun Golpe de Estado viña tendo cabida nas previsións da cidadanía, nin sequera boa parte dos proclives a este, maxinan a crueldade que o desmantelamento da legalidade republicana vai levar aparellada.

Antes de que remate o mes de xullo, comezan, nuns casos, as notificacións para presentarse a facer unhas declaracións rutineiras e, noutros, as detencións nocturnas que van levar a xuízos sumarísimos, nos que

Foto: Proxecto Nomes e Voces. Xuntanza de militantes de esquerda durante a República nun bar en Santiago de Compostela.

poucos son os que non teñen ditada previamente a sentenza a morte. Tamén comezan a producirse os chamados "paseos", outra forma de sentenza a morte, que evita os máis demorados pasos dos procesos, nun contexto no que se alenta a pronta eliminación física duns individuos sinalados pola súa condición de autoridade da República, de cargo político ou sindical ou simplemente pola súa activa oposición ao Golpe militar. Moitas persoas activas nos eidos culturais ou sociopolíticos, séntense axiña na diana e os que non están xa detidos tentan agocharse ou fuxir.

Proba desta celeridade da represión, cumprindo unha vocación punitiva e, ao mesmo tempo, de socializar no terror á poboación, é que de 23 veciños de Compostela executados, 15 o van ser antes de que remate o ano 1936, ao igual que outras persoas pasadas polas armas nunha cidade constituída en praza de tribunal militar na que, até os primeiros meses de 1937, o cemiterio de Boisaca vaise converter en cotiá paredón das execucións habidas na cidade, cun total de 78 vítimas, procedentes das comarcas do Sur da provincia da Coruña, acusadas de "rebelión militar". Un día de espacial lembranza é o 3 de decembro de 1936, no que son executados 10 coñecidos veciños de Compostela, todos significados na súa defensa da República, de distintos grupos sociais e de posicións ideolóxicas diversas, incluso antes enfrontadas: Fernando Domínguez Caamaño (empregado de 29 anos e de Izquierda Republicana), José Germán Fernández (alcalde accidental en xullo de 1936, 40 anos), Rafael Frade Peña (estudante de 22 anos do Partido Federal), José Maroño Calvo (tipógrado do diario "El Compostelano" de 28 anos e das xuventudes socialistas) Manuel Maroño Calvo (tipógrafo da imprenta do Seminario de 37 anos e directivo do PSOE), Luis Martínez Nouche (inspector xefe de arbitrios de 33 anos), Rafael Pardo Carmona (mestre de 37 anos), Modesto Pasín Noya (empregado de 32 anos), Francisco Ponte Ces (zapateiro de 34 anos e sindicalista) e Luis Rastrollo González (mestre, estudante de medicina de 28 anos e dirixente do POUM).

A primeira execución dun veciño de Compostela, data do 12 de setembro de 1936, sendo a vítima o avogado e xornalista Xoán Xesús González. Pero antes, dende finais de xullo e, sobre todo, en agosto, xa se veñen atopando corpos de compostelán nas cunetas, especialmente nas doutros concellos porque alí os levan os seus asasinos na procura dun lugar máis oculto e relativamente ben comunicado ou porque alí tentan agocharse sen éxito as

vítimas. Así, entre outros, aparecen en Teo os corpos do mestre Andrés González Guianes (14-8-1936) ou o industrial e alcalde Ánxel Casal xunto co armeiro José Devesa (19-8-1936); en Palas de Rei, o médico Sixto Aguirre Garín e o profesor e artista Camilo Días Baliño (14-8-1936) ou, en Carballo o mecánico José Villaverde Míguez e a súa dona Consuelo Otero Rial (2-9-1936), a única muller aveciñada en Compostela documentada até agora como vítima con resultado de morte e inscrita previamente no rexistro civil de defuncións coma descoñecida. O 28 de agosto de 1936, antes de que Boisaca sexa lugar habitual de execucións, aparece asasinado o veciño de Cornes-Conxo, Ángel Varela Mallo, un xornaleiro de 21 anos de idade. Os últimos paseos producidos en Compostela datan de xullo de 1937, e teñen como vítimas a veciños reclamados en causas militares, fuxidos e agochados nas proximidades dos seus domicilios ou en acubillos habilitados nestes, finalmente descubertos e asasinados.

Xunto aos, cando menos, 42 mortos, máis de 122 composteláns son sometidos a causas militares. Deles, 50 son detidos e non chegan a Consello de Guerra, pasando un tempo de duración variable na cadea. Outros 22, son absoltos, sobresidos ou foxen, sendo declarados en rebeldía e non deixando pegada do seu rastro. Os cincuenta restantes son condenados a diferentes penas de prisión, entre as que é común a cadea perpetua, aínda que son poucos os casos que acaban pasando máis de cinco anos na cadea. Isto ten a súa explicación en que gañada a guerra, iniciado o asentamento do réxime franquista e coa memoria do terror sempre presente, a maioría das persoas presas serían máis útiles no traballo que en prisión, ademais de conferir unha imaxe de magnanimidade ao ditador, posiblemente máis que buscando a aceptación das vítimas e o seu entorno, tentando achegarse a sectores máis amplos da cidadanía distantes ou tépedos respecto á ditadura.

A diferenza do coñecemento tanto individual como colectivo que hoxe temos das vítimas, poucos son os datos dos que actúan como represores, máis aló das mensaxes incendiarias dalgunhas autoridades militares, civís e incluso relixiosas alentando un espírito de cruzada contra uns inimigos aos que teñen desposuído da súa condición humana. Neste senso é elocuente a homilía de Tomas Muñiz Pablos, arcebispo de Santiago en agosto

de 1936, coetánea ás desaparicións que asolan moitos fogares. Para el, o que está a acontecer "tiene carácter patriótico y de cruzada religiosa del mismo tipo que las cruzadas de la Edad Media". Máis aló da posición dalgúns xerarcas laicos ou relixiosos, cabe preguntarse de onde proveñen e que motiva aos grupos dispostos a asasinar aos seus veciños, entre os que as testemuñas daqueles feitos sinalan a xentes de diversa condición social e política, entre os que é común atopar aos que neses días de caos e barbarie cambiaron "de chaqueta". O que si queda claro é que as novas autoridades non teñen intención algunha de clarificar uns asasinatos que eles mesmos promoven. Así se evidencia ante a aparición da primeira vítima dun paseo no concello, Manuel Ortoño Freire, de Roxos, mineiro de 20 anos fuxido ao monte nos primeiros días do golpe, atopado tiroteado e aínda con vida e levado ao hospital, onde se produce a súa morte o 29 de xullo de 1936. Ábrese unha causa militar para esclarecer o sucedido, pero se pecha sen resultado algún, amosando un desinterese absoluto en coñecer a verdade e indicando o camiño a seguir no futuro, onde, no conxunto, de Galicia é difícil atopar este tipo de causas e todas acaban en nada.

Tampouco é doado abordar unha análise do comportamento do común da cidadanía. As testemuñas orais ou a documentación provinte das causa militares falan de solidariedades e de delacións, de vítimas abandonadas á súa sorte e outras tratadas con respecto, sempre no marco de medo e desconfianza no que toca vivir. Para acabar este texto con algún exemplo que nos de alento será bo traer aquí a lembranza do que lle vai acontecer a un daqueles 22 membros do *Comité de defensa da República*, Francisco Fernández del Riego, o cal, a diferenza da case totalidade dos seus compañeiros, pode salvar a vida grazas a ser ocultado na casa dunha familia moi de dereitas e, posiblemente, partidarios do golpe militar contra o goberno da Fronte Popular, pero, como amosan co seu acto, non da barbarie desatada a posteriori... Tanto o acontecido en 1936, como casos futuros coñecidos ao longo e ancho do mundo, advirten que a defensa dun golpe militar non é disociable do exterminio e a marxinación dunha parte da cidadanía.

Fichas dos filmes

Ánxel Casal, a luz impresa

Director/a: Xan Pérez Leira
Guión: Xan Pérez Leira
Duración: 55'

Preséntase como a primeira biografía audiovisual que reflicte as innumerables facetas de Casal. Cada unha das testemuñas das persoas que interveñen na película, tan próximas a el, constitúen as pezas dun puzzle que, unidas, reconstrúen a vida deste home tan importante na nosa historia que o propio Castelao chegou a decir del que "fixo máis por Galicia que todos nós".

Filmando a Castelao

Guión: Antón Reixa
Montaxe: Carlos Larrondo
Duración: 52'

Nos convulsos anos 1970 na Arxentina o Centro Galego de Bos Aires promoveu o documental ``La biografía de un ilustre gallego: Castelao´´. Esta é unha crónica dos avatares da súa rodaxe. A película rematouse na década seguinte pero non se conservou ben nin divulgou. A iniciativa da empresa galega Filmanova, de dixitalizar e restaurar o filme, deu pé a estoutro documental.

Liste, pronunciado Líster

Directora: Margarita Ledo Andión
Guión: Margarita Ledo Andión
Dureación: 111’

Enrique Líster era canteiro e traballou no capitolio da Habana e no metro de Moscú. Na Guerra Civil chegou a ser comandante en xefe do V Reximento do Exército Republicano, ao que se incorporaron as Milicias Galegas formadas en Madrid. Foi cantado por poetas como Machado e Miguel Hernández, vingou os agresores da súa nai, disentiu do PCE, loitou nos campos de batalla... Un home tenaz que este documental pretende desvelar. Contén entrevistas á viúva e ao fillo do propio Líster, entre outras persoas relacionadas con el. O filme tamén ten algunhas escenas interpretadas, máis evocativas que de recreación.

Coralia e Máruxa. As irmás Fandiño

Dirección: X. H. Rivadulla “Corcón”
Guión: X. H. Rivadulla “Corcón”
Duración: 48’

Con este traballo preténdese render unha homenaxe a dúas mulleres indo alén do anecdótico ou pintoresco. Coralia e Maruxa permanecen na memoria compostelá mais as súas figuras, dacordo cos promotores desta produción, responden a unha reclamación de liberdade diante da barbarie da guerra, da posguerra e da longa ditadura.

Galicia, a tempestade do 36

Realización: Enrique Braso
Guión: Manuel Rivas e Alfonso Domingo
Duración: 54’

O golpe militar contra a II república axiña triunfou en Galicia. Ao longo do percorrido polas terras galegas visítanse, entre outras localidades, A Coruña e Tui. Esta última poboación resistiu durante unha semana ás forzas rebeldes, que logo exerceron duramente a súa autoridade e poder contra os vencidos. O percorrido inclúe entrevistas con historiadores en escenarios que hoxe son idílicos mais que no pasado foron lugares terribles, como a ponte de Castuelo en Ourense, ou a Illa de San Simón, un antigo lazareto na Ría de Vigo onde foron internados miles de galegos, vascos e asturianos desde 1936.

A mirada de Anna

Guión e dirección: Llorenç Soler / Jorge Algora
Duración: 55’

Seguindo o fío condutor da fotoxornalista Anna Turbau e as súas testemuñas gráficas, preséntase un panorama histórico arredor da época da transición democrática en Galicia, desde 1976 a 1979. Esta reporteira catalá chegou ao país como como correspondente gráfica de varias publicacións e axiña se fixo presente, co seu inconfundible Seat 600, en toda sorte de conflitos populares, políticos e sindicais que acontencían na época.



Foto: Proxecto Nomes e Voces. Fondo Elvira Bao. Visita da Agrupación Republicana Feminina a Santiago de Compostela. Recepción no Concello de Santiago. Á esquerda da imaxe o alcalde da Coruña Alfredo Suárez Ferrín e ao seu lado o alcalde de Santiago Anxel Casal. Pilar Durán, mestra tamén represaliada despois, Teté Alvajar, Pilar Muñiz, María Miramontes Matos, Amparo "Alvajar" –Amparo López Jean-, Adela Mejuto, Elvira Bao Maceiras, Elisa Rozas, Elvira Varela Bao, Bernardino Varela Bao. 1936

www.ekinocio.com



Foto: Proxecto Nomes e Voces. Xuntanza de militantes de esquerda durante a República nun bar en Santiago de Compostela.

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais

REDE MUNICIPAL DE **CENTROS SOCIOCULTURAIS**

COMPOSTELACULTURA "C"

Centro Sociocultural de Conxo
Praza de Aurelio Aguirre,1
T 981 522 999

Psiquiátrico de Conxo
Pza. de Conxo, s/n
T: 981 951 900

www.compostelacultura.org
www.santiagosociocultural.org